

A literatura galega medieval

3.1 Contexto e clasificación

A cultura europea, e entre elas a galego-portuguesa, florece de xeito especial durante a Baixa Idade Media. Nacen así as primeiras escolas e universidades (Salamanca, Oxford etc), nas que se estudará Teoloxía, Medicina e Dereito, ao tempo que se desenvolve unha importantísima cultura popular.

Aínda que durante a Baixa Idade Media seguiu habendo unha importante produción de **textos en latín**, foise xerando ao mesmo tempo unha literatura en **lingua vulgar**. Así, a partir de finais do século XI florece no sur de Francia a **literatura provenzal** e un pouco máis tarde desenvólense en Europa outras literaturas trobadorescas, tanto dentro coma fóra do ámbito das linguas romances, como a **alemá**, a **siciliana** e a **galego-portuguesa** (séculos XII-XV). Tamén por esta época, concretamente no século XIV, a literatura italiana conta xa con tres das súas figuras máis salientables: Dante, Petrarca e Boccaccio.

A **lírica** tivo un gran protagonismo, pero xa desde o século XI se cultivaron tamén **outros xéneros** como a **épica** (*Cantar de Mio Cid*, en Castela; *Cantar dos Nibelungos*, en Alemaña; *Canción de Roldán*, en Francia) ou a «**novela**», primeiro en verso e a partir do século XIII en prosa (a novela artúrica ou o *Roman de Renard*, en Francia; o *Decamerón*, en Italia).

O primeiro período da historia da literatura galega, o medieval, é tamén común á literatura portuguesa. Daquela, especialmente ao longo dos séculos XIII e XIV, Galicia e Portugal aínda formaban unha comunidade cultural e lingüística bastante uniforme. Denominamos, pois, literatura galego-portuguesa á escrita en galego-portugués, fundamentalmente en Galicia e Portugal, pero tamén noutros territorios.

Esta literatura está conformada por textos **líricos** e por outros en **prosa**, consonte co que se mostra a continuación:

Lírica	Lírica profana	Xéneros maiores	Cantiga de amigo
			Cantiga de amor
			Cantiga de escarnio e maldicir
		Xéneros menores	Cantiga de seguir
			Pranto
			Tenzón
			Pastorela
			Descordo
			Lai
	Lírica relixiosa	Cantigas de Santa María	
Prosa	De ficción	Ciclo bretón (Materia de Bretaña)	<i>Demanda do Santo Graal</i>
			<i>Libro de Tristán</i>
		Ciclo clásico (Materia de Troia)	<i>Crónica Troiana</i>
			<i>Historia Troiana</i>
	Haxiográfica	<i>Miragres de Santiago</i>	
	Historiográfica	<i>Crónica Xeral Galega</i>	
		<i>Crónica Galega de 1404</i>	
		<i>Crónica de Santa María de Iria</i>	
		<i>General Estoria</i>	
		<i>Libros de Liñaxes</i>	

A lírica medieval galego-portuguesa

4.1 Xénese da lírica medieval galego-portuguesa

A **lírica medieval galego-portuguesa** está formada por un conxunto de **cantigas** compostas entre **finais do século XII e mediados do XIV**. Este corpus, no que participaron aproximadamente **160 trobadores**, consta duns **2100 textos**, dos cales arredor de 1680 pertencen á **lírica profana** e uns 420 á **lírica relixiosa**.

O nacemento desta literatura prodúcese baixo unhas condicións de prosperidade social e económica, que son algúns dos requisitos necesarios para que se poida xerar unha **cultura trobadoresca**. Isto traerá como consecuencia o desenvolvemento, a partir de finais do século XII, dunha poesía lírica en **lingua romance galego-portuguesa** destinada a un público sen formación para comprender o latín e que se consolidará como unha das literaturas máis importantes da época en Europa.

Unha das características salientables da poesía trobadoresca é que se trata de **poesía cantada**, o cal implica que o poeta non só debe compoñer o **texto escrito** senón tamén a **melodía**. Isto é moi importante dado que na época medieval pouca xente sabía ler e, por outra parte, era bastante custoso e traballoso elaborar libros ou mesmo follas soltas xa que todo era feito á man (manuscrito). O canto convertíase, xa que logo, nun medio asequible e práctico de difusión da poesía.

A lírica galego-portuguesa debeu iniciar a súa andaina con **creacións autóctonas** de tipo popular, aínda que logo se vería influenciada pola **lírica provenzal**, ao imitar os nosos trobadores as composicións inspiradas na ideoloxía do **amor cortés**.

As primeiras composicións, as **cantigas de amigo**, teñen un carácter autóctono, xa que conteñen elementos de tipo popular e tradicional (reflicten a paisaxe, as relacións sociais e a vida cotiá de Galicia), mais os nosos trobadores axiña van entrar en contacto cos poetas provenzais a través do Camiño de Santiago ou das cortes de León e Castela. As súas composicións, as **cantigas de amor**, tinxíranse do influxo ultrapirenaico.

As **dúas maneiras de trobar** (ao modo tradicional ou ao xeito occitano) coexisten e mesmo se mesturan. O rei don Dinís, consciente das diferenzas entre os dous estilos, reprocháballes así aos occitanos a súa falta de sinceridade:

É probable, pois, que a lírica galego-portuguesa nace do encontro destas dúas tradicións literarias: unha autóctona e popular (de raíz e transmisión oral), e outra culta e escrita xerada en Occitania e transmitida polos trobadores provenzais.

4.2 Orixes

As orixes da nosa poesía trobadoresca son as mesmas ca as da poesía románica en xeral. Estas orixes pretenden explicarse mediante varias teorías diferentes denominadas «teses»:

- **Tese folclórica.** Baséase na idea romántica do «pobo creador». Conforme a esta perspectiva, a lírica nacería da tradición oral popular.
- **Tese medio-latinista.** Para os medio-latinistas, a lírica medieval é un fenómeno de alta cultura, con orixes na poesía latina (nomeadamente de Ovidio e Catulo) e popularizada polos goliardos.
- **Tese arábico-andaluza.** Tenta establecer as fontes da lírica románica na poesía árabe e na súa cultura, que chegaría a Europa occidental a través da Península. Establece relacións entre as cantigas de amigo e as *khaxas*, escritas en lingua vulgar mozárabe.
- **Tese litúrxica.** Céntrase na música e nas formas rítmicas e fai derivar o lirismo trobadoresco das formas da poesía da Igrexa cristiá.

Os acontecementos políticos que axitaron o sur de Francia a finais do século XII e comezos do XIII motivaron a migración de moitos trobadores provenzais, sobre todo ás cortes italianas e á de Castela.

Proençaes soen mui ben trobar
e dizen eles que é con amor;
mais os que troban no tempo da frol
e non en outro, sei eu ben que non
an tan gran coita no seu coraçon
qual m'eu por mha senhor vejo levar.

4.3 Ámbito xeográfico

É probable que, nun primeiro momento, a nosa lírica medieval tivese como centro impulsor a cidade de **Santiago de Compostela**. A partir de aí desenvolveuse fundamentalmente en Galicia e no reino de Portugal, pero despois espallouse tamén polas cortes de León e Castela.

Se atendemos ás palabras do Marqués de Santillana no século xv debemos supoñer que, aínda sendo os autores maioritariamente galegos e portugueses, había outros de diversa procedencia que tamén compoñían en galego-portugués (Pero García Burgalés, Johan Vasquez de Talaveira, Fernán González de Sanabria...). A nosa lingua convértese así nun dos máis importantes vehículos culturais da Península.

4.4 Cronoloxía

A lírica galego-portuguesa desenvolveuse con gran solidez ao longo de máis de 150 anos. Aínda que non dispoñemos de textos, segundo os últimos estudos realizados, probablemente os seus inicios habería que situalos xa na segunda metade do século XII. Con todo, é no século XIII cando podemos atopar un maior número de trovadores.

Distinguimos tres grandes etapas:

- **Etapa primitiva (1175-1245):** Trátase dun período de formación e adaptación no que os nosos trovadores se van impregnando das influencias provenzais. Nesta etapa o lirismo galego-portugués acada gran difusión grazas, sobre todo, ao patrocinio e protección dos reis e de grandes casas nobres de Galicia e Portugal.
- **Etapa de esplendor (1245-1354):** O período áureo abrangue fundamentalmente os reinados de Afonso III (1243-1279) en Portugal e Afonso X (1252-1284) en Galicia, León e Castela. O lirismo galego-portugués acada enorme relevancia, sobre todo na corte de Afonso X, quen tamén contribúe como autor de importantes cantigas amorosas e satíricas. O galego-portugués convértese na lingua de maior prestixio da Península.
- Logo da morte do rei sabio, o protagonismo desprázase á corte portuguesa durante o reinado de Don Dinís (1279-1325) o cal, do mesmo xeito ca o seu avó, cultivará a nosa lírica.
- **Etapa de decadencia (1354-1445):** Xa coa morte de Don Dinís a lírica galego-portuguesa perdera un importante apoio e o mesmo sucederá coa morte do seu fillo D. Pedro (1354), Conde de Barcelos, considerado o último mecenas desta poesía. A partir de aquí asistimos a un período caracterizado polo escaso cultivo desta literatura, que vai deixando paso a outras formas poéticas escritas en castelán.

... non ha mucho tiempo qualesquier deçidores e trovadores destas partes, agora fuessen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa...

Marqués de Santillana



4 A lírica medieval galego-portuguesa

Na seguinte táboa comparativa podes observar as **etapas da lírica medieval galego-portuguesa** e algúns dos datos históricos máis significativos:

Etapa primitiva (1175-1245)	Período pre-afonsino (1175-1245). - Aparición das primeiras obras. - Influencia provenzal. - Dátase nesta época a cantiga galego-portuguesa máis antiga (c. 1200): «<i>Ora faz ost'o senhor de Navarra...</i>» de Joam Soares de Paiva. - Algúns poetas: Pero da Ponte, Bernal de Bonaval, Paio Soares de Taveirós...	1230 Reinado de Afonso IX de León (1188-1230). Galicia é herdada por D ^a Sancha e D ^a Dulce, fillas do rei Afonso IX.
Etapa de esplendor (1245-1354)	1245-1280 Período afonsino (1245-1280). - Compilación do Cancioneiro da Ajuda. <i>Cantigas de Santa María</i>. - Algúns poetas: Mendinho, Martin Codax, Paio Gómez Chariño, Joán Airas...	1240-1280 Castela. Reinados de Fernando III (1217-1252) e Afonso X (1252-1284) Portugal. Reinado de Afonso III (1245-1279).
	1280-1354 Período dionisiaco (1280-1325). Algúns poetas: Johan Zorro, Estevan da Guarda, Airas Nunes, Fernando Esquío...	Reinado de don Dinís en Portugal (1279-1325).
	Período postdionisiaco (1325-1354) - Posible compilación dos textos copiados no <i>Colloci-Brancutti</i>. - Posible compilación dos textos copiados no Cancioneiro da Vaticana. - Algúns poetas: Joán de Cangas, Pero Larouco...	(1354) Morte de don Pedro, conde de Barcelos, considerado o derradeiro mecenas e trobador da escola galego-portuguesa. No seu testamento lega ao seu sobriño Alfonso XI de Castela, un Livro das Cantigas, que pode ser orixe dalgún dos cancioneiros.
Etapa de decadencia (1354-1445)	Escola galego-castelá (1354-1445). <i>Cancioneiro de Baena</i> (c. 1445). Recolle as obras dos poetas da Escola galego-castelá. - Esta está formada por poetas bilingües como Macías «O Namorado», Alfonso Álvarez de Villasandino... - Outros poetas deste período: Afonso Paez (ou Pérez)...	1366-1369 Guerra de sucesión entre Pedro e Henrique de Trastámara. Á morte de Pedro comeza a chegar a Galicia a nobreza foránea.



4.5 Tradición manuscrita

A tradición manuscrita é o proceso de recompilación e copiado das cantigas que conduciu á confección dos **Cancioneiros**.

Os poemas líricos galego-portugueses son obra de poetas cultos, os **trobadores**. Orixinalmente, estes facían unha elaboración **escrita** dos poemas que despois se daban a coñecer de xeito **oral**, cantados e recitados de memoria. Os textos da lírica galego-portuguesa transmitíronse e chegaron ata nós a través de **códices**. Os máis importantes son:

Cancioneiro da Ajuda	• Manuscrito en pergamino de finais do s. XIII ou comezos do XIV. • Contén 310 cantigas de amor. • Consérvase na Biblioteca do Pazo Real da Ajuda en Lisboa. • Está incompleto, fáltanlle follas, algunhas miniaturas e carece dos nomes dos autores e da notación musical.
Cancioneiro da Vaticana	• Copiado en Italia a comezos do s. XVI. • Contén 1205 cantigas. • Consérvase na Biblioteca Apostólica Vaticana. • Foi mandado copiar polo humanista italiano Ángelo Colocci.
Cancioneiro da Biblioteca Nacional	• Tamén coñecido como Colocci-Brancuti, foi realizado por 6 copistas en Italia a principios do s. XVI. • Contén, ademais das 1205 cantigas do Cancioneiro da Vaticana, 442 máis. En total 1647 cantigas de case 150 trobadores. • Consérvase na Biblioteca Nacional de Lisboa e foi atopado na biblioteca dos condes de Brancuti. • O humanista italiano Ángelo Colocci encargou a súa compilación. • Inclúe un fragmentario tratado de poética denominado <i>Arte de Trovar</i> e cinco lais narrativos. • É o máis completo repertorio da nosa lírica profana.
Cancioneiro de Berkeley	• Tamén coñecido como Cancioneiro da Bancroft Library, é un manuscrito realizado en Italia a finais do s. XVI ou comezos do XVII. • Contén 1157 cantigas. • Consérvase na Universidade de California, en Berkeley. • Foi tamen un encargo do humanista italiano Ángelo Colocci. • É unha copia bastante fiel do Cancioneiro da Vaticana.
Pergamiño Vindel	• Copiado a finais do s. XIII ou comezos do XIV. • Contén o texto de 7 cantigas de amigo do xograr Martin Codax e a música de 6 delas. • Consérvase na Biblioteca e Museo Morgan de Nova York. • Foi descuberto polo libreiro madrileño Pedro Vindel en 1914 empregado como garda interior dun libro do s. XIV. • Constitúe o único exemplo conservado de cantigas de amigo musicadas, polo que posúe un gran valor.
Pergamiño Sharrer	• É un fragmento de pergamino datado a finais do século XIII ou comezos do XIV. • Foi descuberto en 1990 polo profesor norteamericano Harvey Leo Sharrer formando parte da encadernación dun libro de rexistros notariais do s. XVI no Arquivo Nacional da Torre do Tombo, en Lisboa. • É o único exemplo de cantigas de amor con música que chegou a nós. • Contén 7 cantigas de amor do rei Don Dinís coa súa correspondente notación musical.
Tenzón entre Afonso Sanches e Vasco Martínez de Resende	• Consérvase en dous apógrafos do s. XVII, un na Biblioteca Nacional de Madrid e o outro na Biblioteca Pública Municipal do Porto.

4 A lírica medieval galego-portuguesa

4.6 Autores e intérpretes

Os dous axentes básicos que interveñen na produción e interpretación das cantigas medievais son o **trobador** e o **xograr**, aos que se engade a figura da **soldadeira** como partícipe no espectáculo trobadoresco.

Cofecemos, como xa quedou dito, arredor duns 160 autores de diversa procedencia (galegos, portugueses, leoneses, casteláns, aragoneses, andaluces etc.) que escribiron as súas obras en galego, a lingua de maior prestixio da Península nesta época.

Os trobadores

A palabra «trobador» foi empregada desde o s. XII no sur de Francia para designar os poetas e compositores da lírica provenzal.

Na literatura galego-portuguesa os trobadores eran, normalmente, señores da nobreza, pois exercían este oficio desde os infanzóns ata os mesmos reis. Compoñían as cantigas (letra e música) e logo entregábanas aos xograres para que as interpretasen.

Algúns utilizaban a poesía como medio de vida e de promoción social (os de menor condición), pero outros (os reis, por exemplo) compoñían por pracer ou para atacar os seus inimigos

Os xograres

Ademais de divertir o público con distintas habilidades (representación teatral, mímica, acrobacia, malabarismo, música etc.) os xograres interpretaban as composicións creadas polos trobadores, aínda que algúns mesmo chegaron a compoñer as súas propias cantigas.

Non eran de condición nobre e aceptaban un pagamento pola súa arte. Algúns tiñan posto fixo, ao servizo dun rei ou dun señor feudal, mentres que outros debían viaxar por cortes, rúas ou prazas para gañar a vida.

A mediados do s. XIV o xograr pasou a chamarse menestrele viu reducidas as súas funcións ao simple acompañamento musical.

Os segreis

O segrel era un trobador profesional, normalmente da baixa nobreza (infanzón, escudeiro etc.), que interpretaba as súas propias composicións e cobraba por ese traballo.

As soldadeiras

Acompañaban os xograres e realizaban diversas actividades, como cantar, bailar ou tocar algún instrumento. Tiñan sona de practicar a prostitución e foron satirizadas nas composicións dos poetas. A máis célebre foi María Pérez, A Balteira.

Actividades

- Buscade a maior información posible sobre a figura do bispo Diego Xelmírez e sobre o Camiño de Santiago, dúas pezas básicas nos inicios e na evolución da lírica galego-portuguesa.
-  **Parada en 5 minutos.** Algúns especialistas sinalan a poesía latina dos goliardos como unha das posibles orixes da poesía medieval. Pescuda o que poidas sobre estes personaxes (estudantes, clérigos errantes e monxes exclaustrados).
- Averiguade todo o que poidades sobre a elaboración dun cancionero medieval.



4.7 A versificación

Tipos

Desde o punto de vista formal, as cantigas profanas poden ser de **dous tipos**: de refrán e de mestría. As **cantigas de refrán** levan un refrán despois de cada cobra; as **cantigas de mestría** non dispoñen deste elemento de repetición.

A maioría das cantigas artéllanse sobre un esquema de 3 ou 4 **cobras** cun número variable de versos (entre dous e oito cada unha). Segundo a rima e a composición que presenten, as cobras poden ser de varios tipos (vid. *A cantiga de amor*).

Cómputo silábico e rima

Na lírica medieval, o **cómputo silábico** realízase ata a última sílaba tónica do verso. A rima podía ser **consonante** ou **asonante**. Se o verso remata en sílaba grave, dise que ten **rima femia**; pola contra, se remata en sílaba aguda fálase de **rima macho**.

A carón do número de sílabas escríbese en cada verso a rima, asignando letras minúsculas por orde (a, b, c...). Se a rima é femia engádese o signo '. Este proceso repítese en cada cobra.

Aínda que se empregaron unha gran variedade de metros, os máis comúns son os **heptasílabos** (redondilla maior) e os **octosílabos** e **decasílabos** agudos.

Recursos

Ademais do **paralelismo** e o **leixaprén**, que veremos na cantiga de amigo, empregábanse outros como o **dobre**, o **mordobre**, a **fiinda**, a **palabra perdida** etc., que veremos na cantiga de amor.

Todos estes recursos permitían unha doada memorización dos textos e facilitaban a súa comprensión, mentres que as constantes apelacións ao auditorio (*e direi-vos; e ainda vos end'eu mais direi*), especialmente nas cantigas de amor e nas de escarnio e maldicir contribuían a manter a súa atención.

Os nosos trobadores adoitaban empregar tamén algunhas figuras retóricas como a hipérbole (*Amor faz a min amar tal senhor / que é máis fremosa de quantas sei*), a antítese (*e ora cegan por alguen que veen*), o apóstrofe (*Senhor, vej'eu que avedes sabor*) etc. Nas cantigas de escarnio e de maldicir, o equívoco (*cavalgades pela sest'aqui / e cavalgades de noit'outrossi*) e a ironía (*ca mia senhor non me quer fazer bem / senon por algo*) eran as máis características.

Actividades

6 Procura características do galego-portugués nos seguintes textos medievais.

Texto 1

Ai Deus, que doo que eu de mí hei,
porque se foi meu amigu'e fiquei
pequena e del namorada.

Pero de Veer

Texto 2

Senhor do corpo delgado,
en forte pont'eu fui nado!
Que nunca perdí coidado
nen afán, des que vos vi.
En forte pont'eu fui nado,
senhor, por vós e por mí!

Pero da Ponte


Texto 3

Martín Gil, un homen vil
se quer de vós querelar:
que o mandastes atar
cruamente a un esteo,
dando-lh'açoutes ben mil;
e aquesto, Martín Gil,
parece a todos mui feo.

Estevan da Guarda

Que mui gran torto mi fez, amiga, 9a'
meu amigo, quando se foi d'aqui 10b
a meu pesar, pois que lho defendi, 10b
mais pero queredes que vos diga? 9a'
Se veess'én, ja lh'eu perdoaria. 10c'

Organizo a miña mente



Aplica o aprendido

Como e por que os escribáns deixaron de empregar o galego

Para os que a cotío apousamos os ollos nos instrumentos medievais en galego, que a milleiros se conservan aínda nos arquivos, non é ningún segredo que o noso idioma acadou o meirande desenvolvemento na baixa Idade Media.

Os nosos escribáns encheron cunha fala ás veces requintada os formularios de Dereito. E mesmo poderíamos traer exemplos nos que a Santa Teoloxía, con verbas altas e sinxelas, descende a encamiñar a «postrumeira vontade» de quen no intre derradeiro suspira a un tempo polo que deixa e polo que espera.

O galego é entón a fala dos vasalos e dos señores, dos cregos e dos labregos, é óese mesmo nos concellos que nas igrexas, mesturado co latín nas prédicas e nas cerimoniais.

E esto así dito e outorgado ergueuse o dito chanfre e tomou por las maos aos ditos Afonso Ougea e Tereixa Alvares e en suas maos feceron logo palabras de casamento ambos e dous, segundo que manda a nosa Santa Madre Iglesia, dizendo o dito Alfonso Ouge que recibía a dita Tereixa Alvares por su muller boa e a dita Tereixa Alvares dizendo que recibía ao dito Afonso Ougea por seu marido boo e leal...

Así se fixo un casamento, nos comezos do catrocentos, segundo as notas de Estevo Pérez, chanceler do Cabido da Catedral de Ourense.

Namentres gobernan os adiantados, a conciencia de Reino de seu mantívose viva. Pero a anarquía feudal –porque en Galicia houbo feudalismo como en ningures– trouxo o debilitamento das vellas institucións xurídicas. De contado, cos Trastamaras, veñen de fóra arreo bispos, alcaldes, maiores, correxidores, deáns de cabidos e mesmo cregos, cóngos e abades.

De por parte, chegan aquí xentes doutros reinos, para seren donos de terras e vasalos: os Estúñigas, en Monterrei; os Enríquez, en Monforte de Lemos; en Ribadavia, os Sarmientos, e en Allariz, os de Benavente. E arrastran tras súa criados, recadadores e escribáns. Non é de estrañar, por ende, que endexamais empreguen o galego nas súas cartas aos concellos e aos vasalos.

Xa desde mediados do século XV, paseniñamente, vanse desfigurando tanto os antropónimos como como os topónimos. A miúdo atopamos trocada a eufonía galega coa supresión dos ditongos e vemos así *Pereira* convertido en *Perera*; *Sequeira* en *Sequera*; *Codeiro* en *Codero* e *San Juan de la Cueva* o tan coñecido *San Xobán da Cova*.

Para o caso, coidamos decisiva a lei promulgada en 1480, a petición dos procuradores das Cortes de Toledo, pola que se ordena que de entón en diante non se conceda título de escribán sen exame e sen licencia do Real Consello. Daquela os escribáns de Galicia tiveron que deixar os seus formularios para aprenderen os alleos. De agora en diante xa non comezarán os protocolos co «Eno nome de Deus, Seipan quantos esta carta viren...». E velái como e por que os escribáns deixaron de empregar o galego.

Xesús Ferro Couselo, *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*, 1958

- 1 Que clases sociais son as que utilizan o galego na Galicia da Idade Media? E o castelán?
- 2 Segundo o autor, cales foron as principais causas da decadencia do galego nos textos da administración?
- 3 Por que as variantes galega e portuguesa do galego-portugués correron distinta sorte?
- 4 Escribe en galego actual o fragmento que aparece en galego medieval («E esto así dito...»).
- 5 En que idioma cres que se redactaría na actualidade unha acta de casamento como a que recolle o texto?
- 6 Pon algún exemplo de topónimo castelanizado que oíras ou leras nalgunha ocasión. o.

→ Accede ao resumo da unidade nos recursos de anayaeducacion.es.

